



CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

Obxecto:

Decoración das portas de cada aula con motivos propios do nadal.

Cada Grupo Clase poderá realizar a decoración dunha ou das dúas portas da súa Aula de referencia.

Para poder participar deberán inscribirse, indicando o curso ó que pertencen, o nº de Aula que van decorar e o "título" da súa obra de arte (porta).

Categorías:

Para o Concurso cada grupo competirá segundo a súa CATEGORÍA:

- ❖ **Categoría APALPADOR:** Grupos da ESO e de FP Básica
- ❖ **Categoría CANTOS DE REIS:** Grupos de Bacharelato e Ciclo Superior
- ❖ **Categoría especial TIZÓN DE NADAL:** Departamentos de Profesorado e Persoal Non Docente

*O nome das categorías non implica que a temática da porta teña que ser esa, só é unha forma de diferenciar as categorías

Premios:

En cada categoría, a porta mellor decorada recibirá un **PREMIO SORPRESA** (algo interesante?, algo saboroso?, tal vez algo divertido?,...)

Xurado:

Para decidir as portas gañadoras do Concurso conformarase un xurado popular, composto por alumnado de distintos niveis, profesorado e persoal non docente.

Criterios a valorar:

- Emprego de material de refugallo na elaboración da decoración
- Relación con elementos propios do Nadal en Galicia
- Calidade no acabado. Coidado da estética
- Orixinalidade

**Aquelas decoracións que presenten mensaxes/imaxes/símbolos ou calquera outro elemento ofensivo ou contrario ás normas de convivencia será retirada do concurso

Prazo de participación:

Os grupos que participen no concurso, deberán ter rematada a súa decoración antes do 15 de Decembro.

Resultado do concurso:

Os grupos gañadores daranse a coñecer no recreo do Martes día 19 de Decembro.